

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
(XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE
VALDEORRAS) E A DEPUTACIÓN DE OURENSE EN RELACIÓN Á DIFUSIÓN DO
PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL E CULTURAL TERMAL**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa Deputación de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2018, podéndose prorrogar por unha anualidade mediante acordo expreso das partes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre as partes de cara ao desenvolvemento do programa da Deputación Provincial de Ourense denominado “Ourense, provincia termal”, co que se trata de avanzar na posta en valor das propiedades terapéuticas do termalismo e a balneoterapia a través da realización de xornadas e cursos para a difusión do programa así como doutras fórmulas de colaboración que poidan levarse a cabo para a difusión das propiedades terapéuticas das augas mineiro medicinais da provincia de Ourense. O citado programa constitúe un programa de saúde, benestar e envellecemento activo baseado no termalismo e nos beneficios terapéuticos aportados polas cualidades das augas e/ou técnicas termais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

As instalacións balnearias son centros terapéuticos que cumpren as normas e requisitos hixiénico sanitarios regulados e son receptores de usuarios que presentan, en moitos casos, requirimentos en termos de recuperación física e calidade de vida.

A administración provincial en particular é especialmente sensible á potencialidade do sector termal e da estreita relación entre ocio saudable e calidade de vida e da estratéxica importancia das infraestruturas termais provinciais e das características diferenciadoras da auga mineiro medicinal que nela se utilicen.

Ámbalas dúas partes recoñecen a falta de conciencia colectiva acerca das propiedades curativas das augas mineiro medicinais, posuidoras de verdadeiras propiedades testadas en termos de saúde tanto de carácter curativo como preventivo, de posta en forma e de benestar físico e psíquico, motivo polo que entenden beneficioso, de cara á protección e promoción da saúde das persoas usuarias dos servizos públicos de saúde, dar a coñecer aos profesionais médicos e sanitarios da provincia de Ourense as características do programa e, por ende, as cualidades terapéuticas das augas mineiro-medicinais das que se dispón na provincia, o que permitirá establecer unha colaboración activa entre as partes de cara a mellorar as posibilidades terapéuticas e os beneficios na saúde e benestar da poboación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 nin no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, en canto normativa de aplicación no intre de formalización do presente convenio, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

